

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015207	IES O Couto	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A materia de Educación Dixital debe contribuír á capacitación para a realización dunha cidadanía plena na realidade tecnolóxica dos nosos días. As capacidades transmitidas durante o desenvolvemento do curso nesta materia, a través das actividades realizadas e os contidos impartidos, deben permitir ó alumnado achegarse á tecnoloxía e á contorna dixital dende unha perspectiva segura e co coñecemento suficiente para manexarse con soltura e eficacia, poñendo ó seu propio servizo as posibilidades que ofrecen estas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A CONTORNA DE TRABALLO. OS ARQUIVOS E OS	O ordenador e a súa estrutura. O sistema operativo. Os datos: Arquivos e	26	27	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PROGRAMAS. A REDE, OS CONTIDOS E AS LICENZAS.	almacenaxe. O traballo na nube. Producción de documentos. Os datos en profundidade. Formatos de arquivo. Programas. A "Suite" LibreOffice. Os programas de deseño e tratamento de imaxe MyPaint e GIMP. Recursos e licenzas. Búsqueda e utilización de información na rede. Dereitos dixitais.	26	27	X	X	X
2	A SEGURIDADE NA REDE. TRABALLO COLABORATIVO NA NUBE.	Privacidade dixital. Contrasinais e seguridade de dispositivos. Seguridade na rede. Protección de datos e da identidade dixital e persoal. Situacións de risco e ameazas. Plataformas colaborativas. Almacenamento na rede. Producción dixital.	20	21	X	X	X
3	DISPOSITIVOS PROGRAMABLES. ALGORITMOS E PROGRAMAS. PROGRAMACIÓN ESTRUCTURADA. PROGRAMACIÓN ORIENTADA A OBXECTOS. PROGRAMACIÓN DE APLICACIÓNS. ROBÓTICA E CONTROL.	A programación no mundo actual. Os dispositivos programables. A Internet das cousas. Aplicacións. A intelixencia artificial. Estructuración dos problemas. Algoritmos básicos de programación. Estructura das linguaxes de programación. Código máquina e linguaxes de alto nivel. Diagramas de fluxo. Pseudocódigos. Programación estruturada. Uso de obxectos: Propiedades e métodos. Programación de aplicacións informáticas. Aplicación da programación ó control de dispositivos.	44	45		X	X
4	EDICIÓN DIXITAL AVANZADA	Deseño CAD e tecnoloxías de impresión 3D. Formatos. Xestión. Configuración de dispositivos de fabricación aditiva. Preparación e modificación do código de fabricación.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A CONTORNA DE TRABALLO. OS ARQUIVOS E OS PROGRAMAS. A REDE, OS CONTIDOS E AS LICENZAS.	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración. - Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. - Tratamento básico da imaxe dixital. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.

UD	Título da UD	Duración
2	A SEGURIDADE NA REDE. TRABALLO COLABORATIVO NA NUBE.	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. - Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. - Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede. - Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

UD	Título da UD	Duración
3	DISPOSITIVOS PROGRAMABLES. ALGORITMOS E PROGRAMAS. PROGRAMACIÓN ESTRUTURADA. PROGRAMACIÓN ORIENTADA A OBXECTOS. PROGRAMACIÓN DE APLICACIÓNS. ROBÓTICA E CONTROL.	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de estruturas básicas de programación. - Uso de datos. Constantes e variables. - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

UD	Título da UD	Duración
4	EDICIÓN DIXITAL AVANZADA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.	TI	100
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Superación do 50% seguindo o fixado para cada proba. A avaliación realízase mediante traballos nos que o alumnado debe amosa-lo seu dominio cumprindo cunha serie de requisitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.
- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.
- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.
- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de traballo centrarase na realización de pequenos proxectos, de xeito individual ou colectivo, cos que de maneira activa se poidan ir asimilando os coñecementos e afianzando as habilidades mentres se traballa para a consecución dun fin. Realizaranse tamén sesións expositivas que permitan levar a cabo unha iniciación mínima ou máis extensa segundo os diferentes contidos impartidos. Empregaranse ademais metodoloxías de descubrimento guiado, nalgúns casos apoiadas por aplicacións informáticas específicas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipamento informático dispoñible na Aula de Informática do centro.
Aula virtual do centro.
Aplicacións de "software" libre.
Aplicacións de desenvolvemento de contidos en liña.
Aplicacións de traballo colaborativo e almacenamento en liña.

Empregaranse preferentemente ferramentas de "software" libre e gratuíto para o desenvolvemento da materia, buscando poñer a disposición do alumnado recursos ós que poidan ter un acceso fácil no presente e no futuro e promove-la filosofía do software libre e a colaboración entre persoas como medios para contribuír ó benestar da humanidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado realizarase durante as primeiras semanas mediante a asignación de tarefas sinxelas na aula e a observación do seu desempeño. A información recollida combinarase coa aportada polo profesorado de outras materias relevantes para o desenvolvemento desta programación, como poida ser, por exemplo, a relativa á área de Matemáticas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	26	20	44	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Na cualificación darase moita importancia á entrega dos traballos solicitados e ó cumprimento dos prazos, entendendo que estas cuestións reflicten non só unha actitude axeitada senón en si mesmas unha demostración de capacidades no camiño dos criterios avaliados. Recíprocamente, a ausencia das necesarias entregas necesariamente desemboca na valoración negativa do cumprimento dos criterios avaliados, quedando por debaixo dos mínimos de consecución e resultando nunha imposibilidade de completar positivamente a avaliación da materia.

Criterios de recuperación:

A entrega dos traballos solicitados é imprescindible para a superación da materia. A entrega tardía dentro dos prazos normais de avaliación dará lugar a unha penalización na cualificación final, non puidéndose recuperar esta fóra de prazo se non é mediante acordo previo co profesorado que imparte a materia e a realización de traballos adicionais que permitan acreditar axeitadamente o dominio individual das aprendizaxes previamente non demostradas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso do alumnado coa materia pendente, solicitaranse traballos individuais globalizados que permitan acreditar a consecución dos diferentes criterios sen esixir unha atención constante ó desenvolvemento da materia no curso, e que deberán cumprir cos criterios establecidos polo profesorado en cada caso.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) nos casos do alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación de tempos, instrumentos e / ou procedementos de avaliación cando sexa preciso.
- Reforzo educativo.
- Enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades.
- Adaptacións curriculares individuais segundo sexa preciso.

Ó longo do curso observarase o desempeño de cada persoa alumna, prestando especial atención a calquera dificultade ou circunstancia que puidese aparecer de xeito individualizado.

Inicialmente, non se identificou nos grupos que reciben a materia alumnado para o que se considerase, en relación a esta, a necesidade de aplicar medidas curriculares individuais.

Non obstante, e paralelamente á impartición da materia, ofreceranse opcións de apoio, reforzo e / ou ampliación de contidos segundo se observe a necesidade, tendo en conta tamén as peticións específicas que se puidesen producir

por parte do propio alumnado, as familias, e / ou o Departamento de Orientación do Centro.

En relación á observación das necesidades, a dificultade para o profesorado dunha materia de percibir estas en sesións de relativamente curta duración espaciadas ó longo de cada semana, á vez que se imparten os contidos, e sobre todo en aulas cun número de persoas moi elevado, fai esencial a colaboración da contorna para poder de maneira seria e realista ofrecer a cada persoa a atención que merece e que establecen a norma e a razón, por máis que o esforzo da persoa docente sexa xa o máximo dentro das circunstancias. Atenderase, en todo caso, ó que a mencionada observación poida revelar e ás aportacións do propio alumnado e / ou outras axentes da contorna, como se indicaba, para tratar de ofrecer opcións individualizadas que permitan a realización máis plena posible das capacidades e do desenvolvemento de cada persoa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Innovación.			X	X
ET.6 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico.		X	X	
ET.8 - Fomento do espírito científico.			X	X
ET.9 - Fomento do emprendemento.		X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.12 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.13 - Traballo en equipo.	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde.		X	X	X
ET.15 - Formación estética.	X			X
ET.16 - Reflexión sobre a tecnoloxía e a sociedade.	X	X	X	X
ET.17 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.		X		X

Observacións:

Comprensión lectora: A través da lectura de textos e documentación técnica.
 Expresión oral e escrita: Na preparación e presentación de tarefas e traballos.
 Comunicación audiovisual: Na preparación e presentación de tarefas e traballos.
 Competencia dixital: Inseparable da materia.
 Innovación: Na realización de traballos nos que se buscan solucións novas a problemas existentes.
 Fomento da creatividade: Na realización de tarefas e traballos.
 Fomento do espírito crítico: Ó enfrentarse a cada contido e no uso da tecnoloxía.
 Fomento do espírito científico: Na investigación do mundo e a tecnoloxía.
 Fomento do emprendemento: Ó buscar e aplicar solucións que parten da propia creación e iniciativa.
 Educación emocional e en valores: Inseparable da docencia.
 Respecto mutuo e cooperación entre iguais: A través do traballo compartido e a relación na aula e fóra da mesma.
 Igualdade de xénero: Inseparable da vida.
 Traballo en equipo: A través da realización de traballos en grupo e o reforzo da cohesión aproveitando á súa vez a interdisciplinabilidade.
 Educación para a saúde: No que nesta ten que ver todo o que ten que ver tamén co dixital.
 Formación estética: Como necesidade ineludible da propia creación.
 Reflexión sobre a tecnoloxía e a sociedade: Esencial para a comprensión da tecnoloxía, os seus procesos e os seus usos, e fundamental para a educación e capacitación dixitais.
 Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable: A través da reflexión sobre a actividade dixital propia e allea e da análise dos usos e circunstancias que acompañan á creación, mantemento e disfrute dos elementos da tecnoloxía dixital.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades e saídas didácticas relacionadas coa materia.	Actividades complementarias relacionadas coa materia e os obxectivos da mesma.	X	X	X

Observacións:

Participarase dentro do posible en actividades e / ou saídas relacionadas coa materia e os obxectivos da mesma, sempre que as devanditas actividades e / ou saídas representen un beneficio global para o alumnado do grupo. O detalle destas actividades poderase consultar nos documentos elaborados a este efecto polo Centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
O desenvolvemento das unidades didácticas foi suficiente dentro do tempo establecido para as mesmas.
A profundidade dos contidos impartidos permitiu transmitir-las aprendizaxes e desenvolve-las actividades axeitadamente.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.

Os procedementos empregados para a avaliación permitiron reflectir axeitadamente as capacidades e aprendizaxes.
Proporcionouse ó alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Ofrecéronse ó alumnado posibilidades para recupera-las partes non superadas.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron diversas e variadas.
As actividades propostas foron axeitadas para favorece-lo desenvolvemento dos contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Foi posible atender á diversidade existente no grupo na súa totalidade, identificando as necesidades de tódalas persoas.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades identificadas.
Clima de traballo na aula
Xerouse un clima de motivación e interese pola materia na aula a medida que se impartían os contidos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ó alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación a través desta programación didáctica.
A coordinación entre o profesorado da materia foi satisfactoria.
Outros
Os coñecementos acadados polo alumnado estiveron de acordo co planificado para cada criterio de avaliación.
A valoración por parte do alumnado sobre a súa propia aprendizaxe foi positiva.

Descrición:

A valoración dos indicadores farase nunha escala de 0 a tres, onde o significado da valoración é:

- 0 - Non, nunca, ou non en absoluto. // Non (Segundo aplique).
- 1 - En moitas ocasións non.
- 2 - Si, maioritariamente.
- 3 - Si, sempre. // Si (Segundo aplique).

A valoración destes indicadores farase ó remata-lo curso académico, sen perxuízo de poder realizar valoracións parciais á medida que avance a docencia de cada materia, de xeito que sexa posible adaptar e reformular dinamicamente, segundo proceda, cada programación de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periódicamente nas distintas reunións do Departamento. No caso de detectar problemas, realizaranse as propostas de mellora e / ou modificacións que se consideren necesarias.

Ó remate do curso valoraranse os indicadores de logro á fin de poder introducir solucións e / ou accións de mellora en relación cos problemas identificados. A valoración por parte do alumnado constituirá parte integrante da avaliación global desta programación.

9. Outros apartados